



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 13 DE XULLO DO 2017.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D. Anxo Orellan Fernández D. Antonio Javier Jesús Freire Brión D. Víctor Reiriz Lampón D^a María Esther Patiño Rey	Interventor: D. Pablo Bao Castro Secretario Xeral D. Juan Manuel Salguero del Valle Membros que non asisten: D^a María Herminia Pouso Maneiro
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e trinta minutos do día trece de xullo do dous mil dezasete, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Non se presenta ningunha acta para a súa aprobación.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data de 11/07/2017, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido e que responde ao seguinte resumo:





Número de relación	2017 – 000027
Importe total	267.475,15 €
Número de facturas	63
1ª factura.	
Emisor (Cif)	33228537T
Importe	297,19 €
Última factura	
Emisor (Cif)	X4108013Y
Importe	81,10 €

B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta		1	Data	11/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO		Adquisición de bancos e cadeiras de madeira para varios espazos públicos do concello		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- BENITO - PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.L. - GLOBALIA URBANISMO, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	BENITO			
NIF/CIF:				
Importe (IVE incluído):	3.149,53 €			
Observacións:				

Nº Proposta		2	Data	28/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Realización da obra denominada “Renovación da rede de auga potable en Pedra da Aiga (Palmeira)”		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- EXCAVACIONES NIMA, S.L. - TARRÍO Y SUÁREZ, S.L. - CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.	
Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (marzo 2017)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	EXCAVACIONES NIMA, S.L.			
NIF/CIF:	B15405335			
Importe (IVE incluído):	10.000,30 €			
Observacións:				



CONCELLO
DE
RIVERA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta	3	Data	11/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Administración, Transparencia, Atención e Participación Cidadá (OAC) Manuel Emilio Pérez Outeiral		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración e instalación de estores para a OAC		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- ARTECOR DECORACIÓN - MANUEL FERNANDO SILVANDE - JOSÉ ENRIQUE PÉREZ SANTOS
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ARTECOR DECORACIÓN		
NIF/CIF:			
Importe (IVE incluído):	1.540,00 €		
Observacións/Anexo ao acordo:	Asímesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda anular o acordo da Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 06/07/2017, no que se aprobou un orzamento polo mesmo concepto a favor de José Enrique Pérez Santos e que posteriormente fixo saber que a instalación dos estores non estaba incluída.		

Nº Proposta	4	Data	10/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Alcaldía Manuel Emilio Pérez Outeiral		
DESCRICIÓN DO GASTO	Ágape como atención a 100 autoridades co motivo da celebración das Festas do Carmen de Palmeira 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	EMMA VICENTE SOBRIDO
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	EMMA VICENTE SOBRIDO		
NIF/CIF:	76777391X		
Importe (IVE incluído):	770,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	5	Data	11/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO	Ágape para todos os convidados á celebración do acto de presentación da primeira fase do Estudo Arousa e creación da Fundación RIA (Rede de Innovación Arousa)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	CAVEIRO HOSTELERÍA Y SERVICIOS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	CAVEIRO HOSTELERÍA Y SERVICIOS, S.L.		
NIF/CIF:	B70378849		
Importe (IVE incluído):	420,42 €		
Observacións:			

Nº Proposta	6	Data	11/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

DESCRICIÓN DO GASTO		Servizo de son e iluminación, así como montaxe, micrófonos, proxector dixital e atril, co motivo da celebración do acto de presentación da primeira fase do Estudo Arousa e creación da Fundación RIA (Rede de Innovación Arousa)	
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ		
NIF/CIF:	52932383E		
Importe (IVE incluído):	514,25 €		
Observacións:			

Nº Proposta		7	Data	11/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO		Adquisición e instalación de bancos de pedra para varios espazos públicos do concello		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	JUAN PEGO E HIJOS, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	JUAN PEGO E HIJOS, S.L.			
NIF/CIF:	B15290216			
Importe (IVE incluído):	3.066,19 €			
Observacións:				

Nº Proposta		8	Data	11/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá Víctor Reiriz Lampón		
DESCRICIÓN DO GASTO		Reparación de vehículo URO C5417CG de Protección Civil para ITV		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	VICENTE GONZÁLEZ MARTÍNEZ	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	VICENTE GONZÁLEZ MARTÍNEZ			
NIF/CIF:	52459904D			
Importe (IVE incluído):	266,20 €			
Observacións:				

Nº Proposta		9	Data	11/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá Víctor Reiriz Lampón		
DESCRICIÓN DO GASTO		Reparación de vehículo URO C6628BY de Protección Civil para ITV		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	VICENTE GONZÁLEZ MARTÍNEZ	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	VICENTE GONZÁLEZ MARTÍNEZ			



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


NIF/CIF:	52459904D
Importe (IVE incluído):	700,13 €
Observacións:	

Nº Proposta		10	Data	07/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Modificacións na instalación eléctrica do bombeo de augas residuais da Cerca (Aguíño)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SEGADE SAELCO, S.A.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		SEGADE SAELCO, S.A.		
NIF/CIF:		A32007304		
Importe (IVE incluído):		1.792,30 €		
Observacións:				

Nº Proposta		11	Data	03/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO		Adquisición de material (boias e cordas) para reparación de balizamento de praias		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- FERRETERÍA BRIÓN, S.L. - A POUTADA, S.L. - SUMINISTROS NAVALES SANTA UXÍA, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	FERRETERÍA BRIÓN, S.L.			
NIF/CIF:	B70474747			
Importe (IVE incluído):	1.914,22 €			
Observacións:				

Nº Proposta		12	Data	10/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Administrador Lonxa Municipal de Riveira José M. Orellán		
DESCRICIÓN DO GASTO		Adquisición rolos de papel térmico para etiquetaxe de produtos pesqueiros, para Zebra ZM400 e para Citizen		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	GALLEGA DEL ETIQUETADO, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	GALLEGA DEL ETIQUETADO, S.L.			
NIF/CIF:	B36756005			
Importe (IVE incluído):	560,84 €			
Observacións:				

Nº Proposta	13	Data	11/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Administración, Transparencia, Atención e Participación Cidadá (OAC)		





		Manuel Emilio Pérez Outeiral	
DESCRIPCIÓN DO GASTO		Adquisición de 48 caixas de papel DIN A4 para a Casa do Concello	
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.		
NIF/CIF:	J15626245		
Importe (IVE incluído):	679,54 €		
Observacións:			

III.- CONTRATACIÓN.

1.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA POLA EMPRESA "CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L." PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "RENOVACIÓN DE BEIRARRÚAS NUN TRAMO DA AVENIDA DE FERROL (RIVEIRA)".

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar as obras do proxecto "Renovación de beirarrúas nun tramo da Avenida de Ferrol (Riveira)".

A adxudicación realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión celebrada na data 22/10/2015, a favor da empresa "CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L." (NIF B15079098), e o correspondente contrato asinouse na data 05/11/2015.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 1.041,05 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 19/10/2015 (nº operación: 2015 33007463), xustificativa de constitución de aval do Banco Popular (R.E.A. 8916-1016).

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 16/02/2016.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, como directora das obras, da data 05/07/2017, e polo interventor Pablo Bao Castro, da data 11/07/2017, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta o seguinte acordo:**





A cancelación e devolución da garantía definitiva de 1.041,05 euros constituída por “CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L.” (NIF B15079098), para responder da execución do contrato “Renovación de beirarrúas nun tramo da Avenida de Ferrol (Riveira)”.

2.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA POLA EMPRESA “CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L.” PARA RESPONDER DO CONTRATO DE “PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE SERVIZOS NA RÚA VELLA (PALMEIRA)”.

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar as obras do proxecto “Pavimentación e renovación de servizos na Rúa Vella (Palmeira)”.

A adxudicación realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión celebrada na data 22/10/2015, a favor da empresa “CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L.” (NIF B15079098), e o correspondente contrato asinouse na data 05/11/2015.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 2.272,60 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 19/10/2015 (nº operación: 2015 33007464), xustificativa de constitución de aval do Banco Popular (R.E.A. 8916-1015).

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 04/02/2016.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, como directora das obras, da data 05/07/2017, e polo interventor Pablo Bao Castro, da data 11/07/2017, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 2.272,60 euros constituída por “CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L.” (NIF B15079098), para responder da execución do contrato “Pavimentación e renovación de servizos na Rúa Vella (Palmeira)”.





IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta.

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Vistos os escritos presentados por **Andrés Pérez Pérez**, de datas 17/04/2017 e 11/05/2017 (Rexistros de entrada nº 6.217 e 7.701), nos que solicita licenza de obras para construción de peche de 13,70 metros lineais en parcela con refª catastral nº 0521941NH0102S0001AH sita no lugar de Fondevila nº 22, Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 16/05/2017, visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 05/07/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 05/07/2017, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER ao Sr. Juan Andrés Pérez Pérez **LICENZA DE OBRAS (Nº 34/17)** para para **CONSTRUCCIÓN DE PECHE DE 13,70 METROS LINEIAS** en parcela con refª catastral nº 0521941NH0102S0001AH sita no lugar de Fondevila nº 22, Riveira:

- **CONDICIÓNS DE CONSTRUCIÓN:** O peche realizarase en elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1 metro. En caso de peche de pedra natural, a parte cega pode alcanzar unha altura máxima de 1,50 metros.
- **CONDICIÓNS DE ALIÑACIÓN:** Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñacións, (segundo o Arquitecto Técnico Municipal refléxase unha superficie de cesión en total de 21,60 m²) e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o





simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal unha fianza de 1.208,79 en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza. Deberá respetar en todo caso un retranqueo de 5 m. de cauces públicos.

- **OUTRAS CONDICIÓNS:** Deberá cumprir a lexislación vixente, particularmente a relativa a prevención de riscos laborais.

Segundo.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

Terceiro.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Cuarto.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Quinto.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sexto.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

Sétimo.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*





- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

1.- Visto o escrito presentado pola Asesoría Beny García en representación da **Comunidade de Propietarios de Garaxes Sidreiras, nº 6**, de data 05/07/2017, no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible sito na Rúa Sidreiras, nº 6 (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 06/07/2017 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Conceder á **Comunidade de Propietarios de Garaxes Sidreiras, nº 6** autorización para a instalación dun sinaleiro de vao permanente (3,00 m.), con praca e





inscripción de nº de licenza, así como reforzo de pintado de liña amarela, na entrada ao garaxe do inmovible sito na Rúa Sidreiras, nº 6 (Riveira).

- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

2.- Visto o escrito presentado pola Asesoría Beny García en representación da **Comunidade de Propietarios de Garaxes do Edificio Monumento**, de data 05/07/2017, no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible sito na Rúa Novoa Santos, nº 16 (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 26/06/2017 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder** á **Comunidade de Propietarios de Garaxes do Edificio Monumento** autorización para a instalación dun sinaleiro de vao permanente (4,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, así como reforzo de pintado de liña amarela, na entrada ao garaxe do inmovible sito na Rúa Novoa Santos, nº 16 (Riveira) – 95 prazas de garaxe.
 - b) Asímesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** anular o acordo da Xunta de Goberno Local da sesión celebrada en data 06/07/2017, no que se concedía autorización para a instalación de vao permanente ao mesmo solicitante, pero no que foi detectado erro na concesión do mesmo.
- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o escrito presentado conxuntamente por **Ramón Fernández Domínguez e Manuel Seoane Otero**, de data 21/12/2015, no que solicitan autorización para poñer unha cadea co fin de evitar aparcamentos indebidos de vehículos en parcela da súa propiedade sita na Avenida Romero Ortiz, 44 e 46 (Riveira), e que impide o acceso aos seus garaxes.





A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Autorizar a Ramón Fernández Domínguez e Manuel Seoane Otero a instalación dunha cadea co fin de evitar aparcamentos indebidos de vehículos en parcela da súa propiedade sita na Avenida Romero Ortiz, 44 e 46 (Riveira)

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local da Orde do 12 de maio de 2017 pola que se convocan os Premios da Cultura Galega para o ano 2017, da Consellería de Cultura, educación e Ordenación Universitaria, e publicada no DOG nº 99 do venres, 26 de maio de 2017.

3.- APROBACIÓN DE BORRADOR DE CONVENIO DE COLABORACIÓN

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, M^a Herminia Pouso Maneiro, de data 06/07/2017, no que solicita a aprobación do convenio de colaboración para regular a celebración do concerto musical en Ribeira a cargo do grupo Herdeiros da Crus: 25 anos entre o Concello de Ribeira e a Real e Ilustre Cofradía da Dorna.

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o borrador do convenio de colaboración para regular a celebración do concerto musical en Ribeira a cargo do grupo Herdeiros da Crus: 25 anos entre o Concello de Ribeira e a Real e Ilustre Cofradía da Dorna.

4.- ACORDO EN RELACIÓN A ACEPTACIÓN CONDICIÓNS E PRESCRIPCIÓNS POLAS QUE PODERÍA OUTORGARSE A CONCESIÓN DE OCUPACIÓN DE 16.728 m² de dominio público marítimo-terrestre, con destino a zonas verdes, equipamento deportivo, aparcamento e reconstrución dunha antiga fábrica de salazón no lugar de Castiñeiras, termo municipal de Ribeira.

VISTA a Resolución, dictada pola Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar, de data 3 de xullo de 2017 (rex de entrada nº 12075 de 12 de xullo de 2017), pola que sométese á aceptación do Concello de Ribeira as condicións e prescricións polas que podería outorgarse a concesión de ocupación de 16.728 m² de dominio público marítimo-terrestre, con destino a zonas verdes, equipamento deportivo, aparcamento e reconstrución dunha antiga fábrica de salazón no lugar de Castiñeiras, termo municipal de Ribeira.





VISTO que o Concello de Ribeira debe contestar sobre a súa aceptación expresa, antes de transcorridos dez días a partir da data de recibo da devantita notificación, data que remata o vindeiro 1 de agosto de 2017, de tal sorte que de non remitir a aceptación en tempo e forma declarase concluído o expediente por desestímulo do petionario con base no artigo 152.11 do Regulamento Xeral de Costas.

VISTO que asemade o Concello de Ribeira, con carácter previo ó outorgamento da Concesión deberá aportar a seguinte información:

1.-Memoria e planos descriptivos da tubería do sistema de evacuación de augas residuais, de acordo co establecido nos artigos 63, 88 a e 96 do Regulamento Xeral de Costas, e lugar de concesión á rede de saneamento xeral.

2.-Declaración expresa de cumprimento da Lei 22788, de 28 de xullo, según o artigo 97 do Regulamento Xeral de Costas.

CONSIDERANDO que o prazo para remitir a devandita información e aceptación remata o vindeiro 1 de agosto e procede celebrar Pleno Ordinario o día 31 de xullo de 2017.

Por medio da presente, PROPONSE á Xunta de Goberno Local, que previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, se adopte acordo favorable sobre os seguinte:

Primeiro:- **ACEPTAR EXPRESAMENTE** as condicións e prescricións polas que podería outorgarse a concesión de ocupación de 16.728 m² de dominio público marítimo-terrestre, con destino a zonas verdes, equipamento deportivo, aparcamento e reconstrución dunha antiga fábrica de salazón no lugar de Castiñeiras, termo municipal de Ribeira.

Segundo:-**REMITIR** en tempo e forma a seguinte información:


1.-Memoria e planos descriptivos da tubería do sistema de evacuación de augas residuais, de acordo co establecido nos artigos 63, 88 a e 96 do Regulamento Xeral de Costas, e lugar de concesión á rede de saneamento xeral.

2.-Declaración expresa de cumprimento da Lei 22788, de 28 de xullo, según o artigo 97 do Regulamento Xeral de Costas.

Terceiro:-**SOMETER** o presente acordo a ratificación do Pleno da Corporación na Sesión Ordinaria que celebrárase o día 31 de xullo de 2017.

Cuarto:-**FACULTAR** ó Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

Enterados/as os/as Sres. Concelleiros/as do contido da proposta a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus sete membros presentes dos oito





que de dereito a integran, aprobala proposta da Alcaldía transcrita, quedando convertida en acordo en todos os seus termos.

5.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á CONTRATACIÓN LABORAL DUN/DUNHA DIMANIZADOR/A DE MUSEO PERTENCENTE Á UNIDADE DE EXPOSICIÓNS E MUSEOS DO DEPARTAMENTO DE CULTURA DO CONCELLO DE RIVEIRA.

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES


Por Providencia da Alcaldía de data 10/01/2017, dispónse que se proceda á iniciación e tramitación do procedemento administrativo correspondente para a contratación laboral dun/dunha dinamizador/a de museo, posto adscrito á unidade de exposicións e museos do departamento de cultura, co obxecto de cubrir a vacante existente no cadro de persoal do Concello, que se identifica co Código 10.03.00.01, coa emisión dos informes xurídico e económico correspondentes, que deberán pronunciarse sobre a posibilidade de realizar a contratación solicitada, a modalidade da contratación utilizada e a existencia de crédito adecuado e suficiente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A selección do persoal funcionario e laboral debe realizarse mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os establecidos a continuación: a) publicidade das convocatorias e das súas bases; b) transparencia; c) imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección; d) independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección; e) adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións e tarefas a desenvolver; f) axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección (artigo 55.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no sucesivo TREBEP, e artigo 49 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia).

Segundo dispón o artigo 61.7 do TREBEP, os sistemas selectivos do persoal laboral fixo serán os de oposición, concurso-oposición ou concurso de valoración de méritos. E, de conformidade co disposto no artigo 57 da Lei 2/2015, o persoal laboral fixo pode ser seleccionado polos sistemas de oposición ou concurso-oposición, ou excepcionalmente, polo sistema de concurso de valoración de méritos.

Non se regula o procedemento de acceso do persoal laboral temporal. Aínda así, a selección deste persoal debe realizarse respectando os principios básicos recollidos nos artigos 55.2 do TREBEP e 49 da Lei 2/2015, xa que estes preceptos, á hora de regular os principios que deben respectarse na selección do persoal, non diferencian entre persoal fixo ou temporal. Iso si, en aplicación do principio recollido no apartado 2 f) do artigo 55 do TREBEP e no apartado h) do artigo 49 da Lei 2/2015






(*"axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección"*), o procedemento de selección pode simplificarse, sempre e cando se respecten os principios básicos de publicidade e obxectividade.

No caso que nos ocupa, é necesario proceder á contratación dun/dunha dinamizador de museo, cuxas funcións consisten en responsabilizarse do deseño e posta en marcha dos programas e actividades da unidade e orientados á dinamización e fomento das actividades dos museos e centros de exposicións, incentivar a afluencia cidadá aos museos e centros de exposicións, prestar colaboración e asistencia técnica, por necesidade ou requirimento, naqueles asuntos propios do departamento e que entren dentro da súa capacitación profesional e calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

Trátase, polo tanto, da provisión dun posto de traballo cuxas funcións non se atopan reservadas con carácter exclusivo aos funcionarios de carreira, segundo o artigo 9.2 do TREBEP, podendo ser desempeñadas por persoal laboral, polo que como sistemas selectivos poden empregarse calquera dos anteriormente referidos (oposición, concurso-oposición ou, con carácter excepcional, concurso de valoración de méritos), e, no caso de que a súa contratación sexa temporal, o procedemento de selección pode simplificarse, por exemplo, reducindo o prazo dos aspirantes para presentalas súas instancias, do alcalde para ditar resolución dos admitidos e excluídos, etc., pero sempre respectando os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

Segundo.- Neste ano 2017, para a contratación de persoal laboral por parte das administracións públicas, cómpre ter en conta o artigo 20 da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2016 (norma que se entende vixente e aplicable en defecto da lei que regule os presupostos xerais do estado para o ano 2017), de carácter básico e que dispón o seguinte: *"Un. 1. "Ao longo do exercicio 2016 unicamente poderá procederse, no Sector Público delimitado no artigo anterior, (...) á incorporación de novo persoal con suxeición aos límites e requisitos establecidos nos apartados seguintes, salvo a que poida derivarse da execución de procesos selectivos correspondentes a Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores ou de prazas de militares de Tropa e Mariñería profesional necesarias para alcanzar os efectivos fixados na Disposición adicional décima cuarta. A limitación contida no parágrafo anterior alcanza ás prazas incursas nos procesos de consolidación de emprego previstos na Disposición transitoria cuarta do Estatuto Básico do Empregado Público(...). Dous. Durante o ano 2016 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais (...)."*

De conformidade co apartado Un do citado precepto, non é posible proceder á contratación de persoal laboral fixo, agás o que poida derivarse da execución de procesos selectivos correspondentes a Ofertas de Emprego Público de exercicios





anteriores ou de prazas de militares de Tropa e Mariñería profesional necesarias para alcanzar os efectivos fixados na Disposición adicional décima cuarta.

Neste caso a praza vacante que pretende cubrirse identifícase na RPT vixente co Código 10.03.00.01, e esta praza aparece incluída na última Oferta de Emprego Público do Concello corresponde ao exercicio do ano 2010, polo que en principio poderíase proceder á contratación de persoal laboral fixo.

Sen embargo, e tal e como se puxo de manifesto en informe emitido por esta funcionaria na data 10/10/2016 en relación ao expediente administrativo para a aprobación da OEP para o exercicio 2016, isto non é viable por unha razón. O artigo 70.1 do TREBEP fixa un límite temporal que debe entenderse que constitúe o prazo para o exercicio da potestade de convocatoria das prazas correspondentes, que de non exercerse invalida a oferta impedindo que poidan realizarse as convocatorias. Así o citado precepto dispón que a execución da oferta de emprego público deberá desenvolverse no “*prazo improrrogable*” de tres anos. Dita improrrogabilidade do prazo de tres anos fai imposible executar a oferta unha vez superada a marxe temporal sinalada. Polo tanto, superados os tres anos a contar desde o ano 2010 para o desenvolvemento da oferta dese ano, é inviable á data de hoxe a súa execución e a incorporación de novo persoal por esta vía.

Enténdese, polo tanto, que si é necesario cubrir o posto de traballo referido, soamente podería facerse realizando unha contratación de persoal temporal, sempre e cando se cumpran os requisitos esixidos polo apartado Dous do artigo 20 da anteriormente mencionada norma estatal que dispón o seguinte: “*Durante o ano 2016 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.*”

A este respecto, consta no expediente providencia da alcaldía na que, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 21.1 letras g) e h) da Lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, xustifica o carácter esencial do servizo que se vai prestar e, polo tanto, da urxencia e necesidade de realizar a referida contratación: “*A Sala Museo Municipal de Riveira foi inaugurada no ano 2011 despois de rehabilitarse para este fin unha antiga vivenda situada na rúa de Galicia, co propósito de dar cabida ás coleccións de bens que foran doados ao Concello de Riveira e que ata entón non tiñan un lugar para a súa exposición. Tal e como se expón no Preámbulo do Regulamento da Sala Museo Municipal, o Museo xurde a fin de cumprir o establecido tanto na Lei de Patrimonio Histórico Español como na Lei de Patrimonio Histórico de Galicia. Ambas normas legais, recollen o papel que os municipios deben desempeñar na protección e difusión do seu patrimonio cultural e obriga aos concellos a protexer, defender, realzar e dar a coñecer o valor cultural dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia que radiquen no seu termo municipal. Así, desde o Concello sempre se considerou a Cultura como un elemento clave de vertebración e desenvolvemento para a cidadanía, polo que ten como tarefa primordial achegar e facer accesible a cultura a todos os segmentos de poboación posibles. Trátase de facer do museo un lugar para a difusión e divulgación da cultura e patrimonio. O Museo municipal está*





aberto a todo tipo de público. Ao longo do curso escolar tende a especializarse nas visitas guiadas e obradoiros dirixidos á comunidade escolar co fin de profundizar na temática que se pode ver no museo, ofrecéndose tamén durante a época estival, na que o municipio aumenta considerablemente a súa poboación, como un reclamo turístico que permita o coñecemento da nosa historia mais cercana así como a difusión e divulgación da cultura e patrimonio.

Constituía o persoal do Museo unha dinamizadora, que dende a súa apertura e ata o mes agosto do pasado ano, data na que presentou a súa renuncia ao posto, era a encargada de responsabilizarse do deseño e posta en marcha dos programas e actividades da unidade, orientados á dinamización e fomento da actividade dos museos e centros de exposicións. Con motivo da renuncia da titular do posto que estaba realizando as funcións antes expostas e como único persoal co que contaba o Museo, xorde unha necesidade, senón urxente, si inaprazable, de proceder á contratación dun novo/a dinamizador/a do museo municipal, xa que a contratación debe realizarse para solventar unha situación que se está a producir neste momento. A referida contratación, ten un carácter excepcional, xa que se pretende realizar para paliar unha situación concreta que se está a producir no departamento de cultura ao que está adscrito o persoal do museo municipal. Ademais, enténdese que este é un servizo esencial, polo compromiso que ten o noso concello de preservar en condicións adecuadas o legado dos bens patrimoniais que se custodian, ademais de intentar incrementar o interese na nosa cultura e no coñecemento da nosa historia."


Entendese así, que se cumpre co disposto no artigo 20.2º da citada da Lei 48/2015, xa que o primeiro dos límites citados polo artigo ("*necesidades urxentes e inaprazables*") resulta un concepto xurídico indeterminado, cuxo significado debe determinarse caso por caso pola Administración competente para a súa aplicación, sen prexuízo dun eventual control xudicial a posteriori da mesma.

Polo que se refire a cales son os sectores, funcións e/ou categorías profesionais prioritarios, non existe no ordenamento xurídico ningunha regra ou criterio que os determine, xa que o concepto de prioridade, aplicado á acción pública, non é mais un concepto político que xurídico, de forma que corresponde a cada Goberno, neste caso ao Goberno Local, ordenar ás súas prioridades no ámbito das súas respectivas competencias.

Tampouco existe unha definición legal de "*servizo esencial*", senón que cada Administración é a que determina cales dos servizos que presta son esenciais.

Terceiro.- A modalidade contractual que pode utilizarse neste caso é o contrato de duración determinada de interinidade por vacante, regulado no artigo 15.1 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015 do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no artigo 4 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, xa que o contrato de interinidade pódese celebrar para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para a súa cobertura definitiva. Este último precepto dispón o seguinte:

"1. O contrato de interinidade é o celebrado para substituír a un traballador da empresa con dereito á reserva do posto de traballo en virtude de norma, convenio colectivo o acordo individual.





O contrato de interinidade poderá celebrarse, así mesmo, para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para a súa cobertura definitiva.

2. O contrato de interinidade terá o seguinte réxime xurídico:

a) O contrato deberá identificar ao traballador substituído e a causa da substitución, indicando si o posto de traballo a desempeñar será o do traballador substituído ou o doutro traballador da empresa que pase a desempeñar o posto daquel.

No suposto previsto no segundo parágrafo do apartado 1, o contrato deberá identificar o posto de traballo cuxa cobertura definitiva se producirá tras o proceso de selección externa ou promoción interna.

b) A duración do contrato de interinidade será a do tempo que dure a ausencia do traballador substituído con dereito á reserva do posto de traballo.

No suposto previsto no segundo parágrafo do apartado 1, a duración será a do tempo que dure o proceso de selección ou promoción para a cobertura definitiva do posto, sen que poida ser superior a tres meses, nin celebrarse un novo contrato co mesmo obxecto unha vez superada dita duración máxima.

Nos procesos de selección levados a cabo polas Administracións públicas para a provisión de postos de traballo, a duración dos contratos coincidirá co tempo que duren ditos procesos conforme ao previsto na súa normativa específica.

3. Tamén se rexerán polas disposicións establecidas para o contrato de interinidade o celebrado para substituír a un traballador autónomo, a un socio traballador ou a un socio de traballo dunha sociedade cooperativa no suposto de risco durante o embarazo ou nos períodos de descanso por maternidade, adopción ou acollemento, preadoptivo ou permanente."

O contrato deberá formalizarse por escrito, e nel deberá facerse constar, entre outros extremos, a especificación da modalidade contractual de que se trate, a duración do contrato ou a identificación da circunstancia que determina a súa duración, así como o traballo a desenvolver. Rexistrarse polo Concello, no prazo dos dez días seguintes a súa concertación, na correspondente Oficina de Emprego, onde quedará depositado un exemplar (artigo 6 do RD 2720/1998).

Neste contrato pode convirse período de proba.

O contrato extinguese pola cobertura da praza en propiedade, logo da realización do correspondente proceso de selección, ou ben pola amortización da praza, na forma e polos procedementos regulamentariamente establecidos.

Debe realizarse previa denuncia ou comunicación do Concello, conforme ó prazo de preaviso que se pacte.

Debe celebrarse a xornada completa agás nos supostos seguintes: cando o traballador substituído estivera contratado a tempo parcial, ou se trate de cubrir temporalmente un posto de traballo cuxa cobertura definitiva vaia a realizarse a tempo parcial.

Por todo isto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 27/01/2017, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:





Primeiro.- Aprobar as bases que a continuación se transcriben para a cobertura temporal como persoal laboral dun/dunha dinamizador de museo pertencente á unidade de exposicións e museos do departamento de cultura, co obxecto de cubrir a vacante existente (Código RPT 10.03.00.01).

Segundo.- Ordenar a publicación das citadas Bases no “Boletín Oficial da Provincia” de conformidade co disposto no artigo 97 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Terceiro.- Dar conta da aprobación das presentes Bases aos representantes sindicais de persoal.

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DUN/DUNHA DINAMIZADOR DE MUSEO PERTENCENTE Á UNIDADE DE EXPOSICIÓNS E MUSEOS DO DEPARTAMENTO DE CULTURA DO CONCELLO DE RIVEIRA.

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal, a través do sistema selectivo de oposición, dun posto correspondente á categoría que se indica a seguir, incluído na relación de postos de traballo aprobada polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 22/12/2009 (BOP nº 274 do 31 de decembro de 2009, corrección de erros aprobada polo Pleno en sesión de data 22/02/2010), reservado ao persoal laboral, e mentres non se procede á súa cobertura con carácter definitivo, todo elo de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais disposicións de pertinente aplicación.


Categoría	Grupo	Nivel	Denominación	Departamento	Código RPT
Segundo Convenio	II	20	Dinamizador Museo	Cultura, unidade de exposicións e museos	10.03.00.01

2ª.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN.

O contrato formalizarase baixo a modalidade de contrato de duración determinada de interinidade por vacante, segundo o disposto no artigo 15.1.c do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e artigos 4 e 8 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, ditado en desenvolvemento do Estatuto dos Traballadores, a xornada completa, que se prestará en horario que se distribuirá segundo as necesidades e organización do servizo, de luns a domingo, cos descansos que regulamentariamente lle correspondan.

As retribucións básicas, complementarias e extraordinarias que corresponden ao posto de traballo, por tódolos conceptos salariais, son as que figuran no orzamento municipal vixente, coas actualizacións que procedan para as seguintes anualidades.

As funcións propias da praza obxecto desta convocatoria son: responsabilizarse do deseño e posta en marcha dos programas e actividades da unidade e orientados a dinamización e fomento da actividade dos museos e centros de exposicións; incentivar a afluencia cidadá aos museos e centros de exposicións; prestar colaboración e asistencia





técnica, por necesidade ou requirimento, naqueles asuntos propios do departamento e que entren dentro da súa capacitación profesional; calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

A contratación interina durará mentres non se cubra o posto de traballo en propiedade ou se amortice o mesmo na forma e polos procedementos regulamentariamente establecidos.

A extinción dos contratos laborais producirase, ademais de polo exposto no apartado anterior, polas causas previstas no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, ou por calquera outra causa de perda de relación de servizo previstas na normativa de aplicación aos empregados públicos.

3ª.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidos á realización do proceso selectivo os aspirantes deberán posuír na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da formalización do contrato de traballo os seguintes requisitos de participación:

- a) Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar as persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores; e as demais persoas estranxeiras con residencia legal en España.
- b) Ter feitos os dezaseis anos de idade e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión, ou en condicións de obter á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, do título Diplomado Universitario ou equivalente ou que o englobe, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión, á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, da credencial que acredite a súa homologación ou convalidación no seu caso, expedida polo organismo competente.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de





discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

- e) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.
- f) Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para ao desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía.

4ª.- DEREITOS DE EXAME

As persoas aspirantes deberán ingresar a cantidade de 20,33 euros, de conformidade co disposto no artigo 6, epígrafe 5 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos. O dito importe poderase facer efectivo ben mediante autoliquidación na oficina de atención cidadá sita na planta baixa da Casa Consistorial (horario de atención ao público de luns a venres de 9:30 a 13:30 horas), ou ben mediante ingreso na seguinte conta municipal (cos datos persoais do aspirante e praza á que se opta), número de conta de BBVA: ES54-0182-5820-13-0000002454, e será devolto unicamente nos supostos que se recollan na referida Ordenanza Fiscal. En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereito de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

5ª.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ó señor Alcalde, en modelo que se engade como ANEXO I, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base 3ª desta convocatoria.

Os aspirantes con algunha discapacidade terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa da mesma. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (de luns a venres de 9:30 a 13:30 horas) durante o prazo de DEZ DÍAS HÁBILES, que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso, os/as aspirantes deberán comunicalo ao Concello mediante telefax durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias (número de fax do Concello: 981 871610), ou ben mediante correo electrónico enviando un e-mail á dirección: maria.sieira.rios@riveira.com, co fin de que, rematado o prazo de presentación de instancias, sen telas recibido, se pospoña a elaboración da relación de admitidos/as e excluídos/as provisional ata recibir a documentación remitida polo/a aspirante.

Se conforme a ese precepto se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

En cumprimento do artigo 28 do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Riveira a convocatoria tamén se anunciará nun xornal de tirada provincial. Así mesmo se procederá á súa publicación no Taboleiro de Edictos e na páxina web municipal.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante.





Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:

- a) Fotocopia compulsada do DNI.
- b) Fotocopia compulsada do título académico esixido na convocatoria.
- c) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame.
- d) Fotocopia compulsada do título que exige a realización da proba de lingua galega.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, todos os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar debidamente traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentaran os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

6ª.- PUBLICIDADE, PRESENTACIÓN, NOTIFICACIÓNS E COMUNICACIÓNS.

A convocatoria correspondente as presentes bases, efectuarase a través de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e nun xornal de tirada provincial, conxuntamente coa súa publicación na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello. As demais comunicacións que deban efectuarse, así como as relativas a resolucións ou actos do Tribunal faranse públicas a través da páxina web e taboleiro de anuncios. A presentación de instancias farase a través do rexistro municipal, ou a través de calquera dos xeitos admitidos na lexislación xeral de procedemento administrativo, tal e como se especifica na base 5ª desta convocatoria.

As publicacións na páxina web do Concello faranse a título informativo e complementario, e non terán validez a efectos de cómputo de prazos e a información de carácter persoal contida na mesma será posible baixo a consideración de que os aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todo o clausulado establecido na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes serán de carácter interno e uso restrinxido.

7ª.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará Resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Na lista deberán





constar, en todo caso, os apelidos, nome e número de documento nacional de identidade. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web do concello (www.riveira.es), no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de cinco días hábiles contado desde o seguinte ó da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello. Na mesma resolución o alcalde determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do Órgano de selección. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web do concello (www.riveira.es), no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

A inclusión dos aspirantes nas listas de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na Base 11ª.

8ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Os membros do Tribunal Cualificador do proceso selectivo serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 59 da Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia e en atención ó principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por cinco persoas titulares e cinco suplentes, presidente/a, tres vogais e secretario/a.

Os membros do Tribunal Cualificador deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.


A pertenza ao mesmo será sempre a título individual, sen que se poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

A súa composición farase pública na mesma Resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sétor Público.

Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando conorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.





O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

Todos os membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu Presidente.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e para toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Os efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ó disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

9ª.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

A data e máis a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo do proceso selectivo convocado serán determinados polo Alcalde mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello. Así mesmo, e sempre que sexa posible, publicarase, a título informativo e complementario, na web do concello (www.riveira.es), no apartado "*taboleiro de anuncios*".

O sistema de selección é o de **OPOSICIÓN** que consistirá na realización dos exercicios que se refiren a continuación.

Entre o remate dunha proba e a realización da outra deberá transcorrer como mínimo 48 horas.

Os horarios serán determinados polo Tribunal e non se celebrarán en días festivos, podendo ser en horario de mañá ou tarde.

Os/as aspirantes serán convocados/as en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito aqueles que non comparezan, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo tribunal.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizaren os exercicios provistos do D.N.I., ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daquela.


Comezada a práctica do exercicio, o tribunal poderá requirir-lles en calquera momento ós/as aspirantes que acrediten a súa identidade.

A orde de actuación dos/das aspirantes será alfabético.

A publicación dos resultados obtidos por cada aspirante en cada un dos exercicios, así como o anuncio convocando os/as aspirantes para a celebración de cada exercicio, farase exclusivamente no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello. Así mesmo, e sempre que sexa posible, publicarase, a título informativo e complementario, na web do concello (www.riveira.es), no apartado "*taboleiro de anuncios*".

Primeiro exercicio.- Proba de coñecementos:

A proba de avaliación dos coñecementos dos/das aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no ANEXO II. É de carácter obrigatorio e eliminatorio, e consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 100 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal en relación ao temario que se inclúe no ANEXO II. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de dúas horas para a súa realización.





A proba cualificarase polo tribunal de 0 a 10 puntos, a razón de 0,1 puntos cada pregunta acertada, sendo preciso acadar 5 puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a.

Segundo Exercicio: Proba práctica:

De carácter obrigatorio e eliminatorio, que consistirá na resolución dun suposto teórico-práctico relacionado cos apartados do temario "*Museoloxía e Museografía*" e "*Historia, Arqueoloxía, Arte e Etnografía*". O contido e o tempo máximo de duración será establecido polo tribunal inmediatamente antes do seu comezo. Ós efectos da súa cualificación, o tribunal valorará a formación xeral e os coñecementos concretos postos de manifesto polos/as aspirantes ao resolver o suposto práctico proposto, a claridade e orde das ideas, a aportación persoal dos/as aspirantes e a facilidade de expresión.

Ó remate do exercicio, e previamente á súa cualificación, o tribunal poderá acordar que cada opositor faga unha lectura pública do mesmo na forma, lugar e data que ao efecto determine, reservándose a facultade de dialogar co/a aspirante, exclusivamente acerca de aspectos concretos relacionados co suposto práctico desenvolvido, durante un tempo máximo de dez minutos.

Este exercicio valorarase ata un máximo de 10 puntos, sendo excluídos os/as participantes que non acaden o mínimo de 5 puntos.

Terceiro Exercicio: Proba de Coñecemento da lingua galega:

A proba de coñecemento da lingua galega estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os/as aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, para estes efectos deberán realizar con carácter obrigatorio e eliminatorio a seguinte proba. Constará de dúas partes: na primeira os/as aspirantes deberán redactar en galego durante un tempo máximo de corenta e cinco minutos un documento propio das funcións da praza que se convoca; valorándose os aspectos lingüísticos e adaptación aos criterios de modernización de linguaxe administrativa. Na segunda parte, de carácter oral, consistirá en manter unha charla en galego cunha duración máxima de 10 minutos, na que se falará do documento obxecto da primeira parte deste exercicio e só se valorarán os aspectos citados, admitíndose as variantes dialectais. Para o obxecto de garantir a posibilidade de revisión da proba oral, gravarase en cinta magnética sempre que o/a aspirante non renuncia expresamente a este dereito.

Esta proba será cualificada como "APTO/A" ou "NON APTO/A".

Para esta proba o tribunal poderá asesorarse con persoal especializado.


Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente.

10ª.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN E LISTA COMPLEMENTARIA DE RESERVA.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará no citado Taboleiro de Anuncios a relación dos aspirantes aprobados por orde da puntuación total final, con especificación da mesma, e elevará a correspondente proposta de contratación a favor do/a aspirante que obtivera a puntuación máis alta. O Tribunal Cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ó das prazas convocadas.

De se producir empate na puntuación final, para dirimilo teranse en conta as puntuacións obtidas en cada exercicio, pola orde en que se reflexa na fase de oposición. De persistir o empate, dirimirase por sorteo público a celebrar ante o Tribunal Cualificador, do que se levantará a correspondente acta.

O Tribunal elaborará, tamén por orden decrecente de puntuación, unha lista de reserva, cun número de aspirantes que será como máximo igual ao de aprobados, na que figurarán aqueles aspirantes que, aínda que superasen o proceso selectivo, non resultasen





propostos para a súa contratación por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos nos que o aspirante aprobado non chegue a formalizar o contrato de traballo, o órgano convocante poderá substituílo polo seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadada, de conformidade co previsto no artigo 61.8 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún aspirante a proba ou por non presentarse ningún a esta, o Sr. Alcalde queda autorizado a convocalo novamente tantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

11ª.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

No prazo de tres días hábiles seguintes á data da publicación do resultado da selección, os aspirantes seleccionados deberán xustificar que reúnen os requisitos esixidos na Base 3ª desta convocatoria, presentando os documentos que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo, é dicir:

- a) Declaración xurada de non ter sido despedido mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- b) Declaración xurada de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.
- c) Certificado médico en modelo oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das funcións para as que resultou seleccionado/a.

Así mesmo, deberán poñer en coñecemento do Concello o seu número de afiliación á Seguridade Social e un número de conta bancaria do que sexan titulares, para os efectos do pago da correspondente nómina.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, algún dos aspirantes propostos non presentara a súa documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder ó seu nomeamento, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

12ª.- NOMEAMENTO.

Unha vez presentada a documentación a que se refire o apartado anterior, o órgano competente da Corporación fará o nomeamento a favor do/a aspirante proposto polo Tribunal Cualificador.

Serán nulos os nomeamentos que se efectúen a favor de aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

13ª.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato terá lugar dentro do prazo de cinco días naturais, a contar desde a data de notificación do acordo de nomeamento. Quen no prazo indicado non formalice o contrato sen causa xustificada quedará na situación de cesante, con perda de todos os dereitos derivados da convocatoria e do nomeamento conferido.





Previamente á sinatura do contrato, o aspirante nomeado deberá subscribir a declaración a que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante no terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

14ª.- PERÍODO DE PROBA.

O persoal contratado quedará sometido a un período de proba de un mes, de conformidade co artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, agás cando o traballador/a xa tivera desempeñado as mesmas funcións con anterioridade no Concello de Riveira, baixo calquera modalidade de contratación.

Durante o período de proba, o traballador/a terá os dereitos e obrigas correspondentes ao posto de traballo que desempeñe como si fora de plantilla, agás os derivados da resolución da relación laboral, que poderá producirse a instancia de calquera das partes durante o seu transcurso.

Transcorrido o período de proba sen que se houbera producido o desestimento, o contrato producirá plenos efectos, computándose o tempo dos servizos prestados na antigüidade do traballador/a.

O período de proba non se verá interrompido polas situacións de incapacidade laboral temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante a lactación e paternidade, que poidan afectar ao traballador/a.

15ª.- BOLSA DE EMPREGO.

A lista complementaria de reserva prevista na Base 10ª constituirase nunha bolsa de emprego, á que se acudirá para o caso de que algunha das prazas contratadas ó abeiro desta convocatoria quedase definitivamente vacante por algunha circunstancia ou para realizar algunha substitución temporal con reserva de praza (referida a estas prazas).

Os/as aspirantes que resultasen nomeados no proceso regulado nestas bases, unha vez rematada a duración dos contratos laborais ao que estas se refiren, pasarán a formar parte desta bolsa na orde que lle corresponda pola súa puntuación, se o tempo traballado fora inferior a un ano. Se o período de nomeamento ou contratación fora igual ou superior a un ano, pasará a ocupar o último lugar da lista.


Tamén se poderá acudir a esta bolsa de emprego, no caso de se producir unha vacante nun posto de traballo de igual categoría ou cualificación existente no cadro de persoal deste Concello, ou cando haxa que substituír a un traballador con dereito a reserva do posto de traballo, tamén de igual categoría ou cualificación.

Producida a necesidade de cobertura temporal dun posto de traballo o departamento de secretaría e servizos xerais avisará á persoa que, segundo a orde de prelación, lle corresponde ser contratada. No caso de que esta persoa non estea dispoñible ou renuncie a ocupar o posto de traballo seguirase o chamamento segundo a orde de prelación establecida na bolsa de emprego.

Os chamamentos faranse por escrito de xeito que permita a constancia da recepción. Asemade poderase avisar por teléfono ao interesado, debendo quedar constancia, en todo caso, da data e hora en que cada aspirante sexa requirido, mediante dilixencia estendida ao efecto polo funcionario que os realizase.

O orde de selección dos aspirantes incluídos na bolsa de emprego irase modificando cos conseguintes nomeamentos e contratacións, de acordo coas seguintes regras:

a) Se o aspirante chamado non puidera ser nomeado por causa debidamente xustificada e discrecionalmente apreciada polo Órgano competente desta Administración,





conservará a súa orde de prelación na bolsa de emprego; en caso contrario, será excluído da mesma.

b) Se calquera dos integrantes da bolsa de emprego renunciara a formar parte da mesma, ou unha vez nomeado renunciara, fora separado do servizo por sanción disciplinaria e/ou por despido declarado procedente, será excluído daquela.

c) Se unha vez nomeado e contratado un aspirante ó abeiro desta Base, o tempo traballado fora inferior a un ano, retornará ó posto que ocupaba na orde de prelación da bolsa de emprego no momento de ser chamado; se o período de nomeamento ou contratación fora igual ou superior a un ano, pasará a ocupar o último lugar da lista.

En razón da urxencia dos chamamentos, queda facultada a Alcaldía para realizar os nomeamentos temporais a que se refire esta Base.

Esta Base terá vixencia entre tanto non se leve a cabo un novo proceso selectivo para a contratación de postos de igual categoría, perdendo validez, neste caso, a bolsa de emprego que ata entón estivera vixente, pero sen que isto afecte ó persoal nomeado en virtude da mesmas e durante a súa vixencia.

Non obstante todo o anterior, o Órgano competente da Corporación poderá optar pola aprobación de bases específicas e a celebración das pertinentes probas selectivas para a cobertura temporal daquelas prazas que así o estime.

16ª.- NORMAS FINAIS.

Primeira.- Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradiga, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de Administración local de Galicia, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Todos os actos administrativos derivados desta Convocatoria, así como das actuacións dos Tribunais Cualificadores, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Terceira.- Contra as presentes Bases e a Resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo Órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.





ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Riveira

Don/dona
con DNI número e domicilio a efectos de notificación en

Enterado/a da convocatoria para a contratación laboral dun/dunha DINAMIZADOR/A MUSEO pertencente á unidade de exposicións e museos do departamento de cultura do Concello de Riveira, e considerando que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base 3ª da convocatoria.

SOLICITA, a súa admisión ás probas de referencia, para o que acompaña a documentación prevista na Base 5ª das que rexen o proceso selectivo.

Asemade reseña o seu correo electrónico
e o seu teléfono móbil no que autoriza a facer as comunicacións que se consideren.

(O dato do correo e número de móbil non sendo obrigatorios, permitirán e facilitarán as comunicacións e notificacións).

Declara coñecer as Bases que rexen a presente convocatoria, polo que se compromete ó seu cumprimento.

(LUGAR, DATA E SINATURA)

ANEXO II: TEMARIO

A) PARTE XERAL

TEMA 1.- A Constitución Española de 1978. Estrutura e contido. Os principios constitucionais.

TEMA 2.- Dereitos Fundamentais e Liberdades Públicas. A súa protección e garantía.

TEMA 3.- A organización territorial do Estado. Comunidades Autónomas. Provincias e Municipios.

TEMA 4.- A Comunidade Autónoma de Galicia e o seu Estatuto. Principios Xerais. Nocións Xerais.

TEMA 5.- O Municipio. Concepto e elementos. O termo municipal. A poboación municipal. O padrón de habitantes. O estatuto dos veciños.

TEMA 6.- As competencias municipais. Os servizos mínimos.

TEMA 7.- A organización municipal. Órganos necesarios. Atribucións e delegacións. Réxime de funcionamento dos órganos colexiados locais. Sesións e adopción de acordos.

TEMA 8.- O persoal ao servizo das Corporacións Locais. Situacións administrativas. Réxime de incompatibilidades. Réxime disciplinario.

TEMA 9.- Os bens das entidades locais: clases e réxime xurídico.





TEMA 10.- Os contratos das administracións públicas. Principios xerais. Tipos de contratacións e as súas características.

TEMA 11.- O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A validez dos actos administrativos; nulidade e anulabilidade. Notificación de actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos. Alzada e reposición; o recurso extraordinario de revisión.

TEMA 12.- O procedemento administrativo. Concepto e principios xerais. Clases. Os interesados. A estrutura do procedemento administrativo.

TEMA 13.- A Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español e o seu desenvolvemento regulamentario.

TEMA 14.- A Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia e o seu desenvolvemento regulamentario.

TEMA 15.- O Real Decreto 620/87, do 10 de abril, polo que se aproba o Regulamento dos museos de titularidade estatal e do sistema español de museos.

TEMA 16.- O Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.

TEMA 17.- O Decreto 314/1986, polo que se regula o sistema público de museos da Comunidade Autónoma de Galicia.

B) PARTE ESPECÍFICA

B.1. Museoloxía e Museografía.

TEMA 1.- O concepto de museo. Orixe e finalidade.

TEMA 2.- Museoloxía e Museografía. Definición e evolución.

TEMA 3.- Tipoloxía dos museos en función dos seus contidos.

TEMA 4.- A concepción espacial do museo. As súas áreas e características.

TEMA 5.- Exposición permanente. Criterios de instalación museográfica.

TEMA 6.- Exposicións temporais. Definición, xestión e organización.

TEMA 7.- Tipos de exposicións e a súa organización: coordinación e difusión.

TEMA 8.- Recursos e técnicas expositivas ao servizo da museografía didáctica.

TEMA 9.- O Proxecto Educativo do Museo (PRM): definición, obxectivos (didácticos e divulgativos) e tarefas específicas.

TEMA 10.- As novas tecnoloxías ao servizo da educación nos museos.

TEMA 11.- As actividades educativas dos museos para o ensino regrado.

TEMA 12.- O museo e a educación non formal e as actividades de tempo libre.





TEMA 13.- O obxecto, a linguaxe e o texto. Elementos básicos na difusión de contidos.

TEMA 14.- Acción cultural e educativa no museo. Os distintos públicos. Estratexias para satisfacer as súas expectativas.

TEMA 15.- A seguridade no museo.

TEMA 16.- O museo como elemento integrado e vertebrador dun produto turístico: musealización dunha cidade, museos de sitio, centros de interpretación, conxuntos arquitectónicos e xacementos visitables.

TEMA 17.- A conservación preventiva no museo.

TEMA 18.- Tratamento museístico do patrimonio arqueolóxico, etnográfico, pictórico e escultórico.

TEMA 19.- Persoal dos museos. Tipoloxía, funcións e situación.

TEMA 20.- Museos de Galicia. Función que desempeñan.

TEMA 21.- Catálogos, publicacións, manuais. Información e difusión.

TEMA 22.- Inventario e rexistros museísticos.

TEMA 23.- Elementos e normas para desenvolver un proxecto museístico.

TEMA 24.- Museos municipais. Representación, organización e funcionamento.

TEMA 25.- O sistema español de museos. Constitución e cooperación.

TEMA 26.- O museo como elemento integrador e vertebrador dun produto: musealización dunha cidade, museos de sitio, centros de interpretación, conxuntos arquitectónicos.

TEMA 27.- A investigación no museo.

TEMA 28.- A difusión do patrimonio: accesibilidade do museo, interpretación do patrimonio e comunicación co público.

B.2. Historia, Arqueoloxía, Arte e Etnografía.

TEMA 1.- Antropoloxía, Etnoloxía e Etnografía.

TEMA 2.- O Paleolítico e o Neolítico en Galicia.

TEMA 3.- Os inicios da metalurxia e da Idade do Bronce en Galicia.

TEMA 4.- A cultura castrexa.

TEMA 5.- A romanización de Galicia.

TEMA 6.- A arte medieval en Galicia. Principais manifestacións do románico e o gótico.

TEMA 7.- A arte do Renacemento en Galicia. Principais obras.





TEMA 8.- A arte barroca en Galicia.

TEMA 9.- Correntes artístico-culturais do século XIX en Galicia.

TEMA 10.- A arte contemporánea en Galicia. Cronoloxía. Influencia, artistas, correntes e estudos das técnicas.

TEMA 11.- As construcións populares en Galicia.

TEMA 12.- Recursos patrimoniais da comarca do Barbanza. Patrimonio inmaterial: costumes, lendas e tradicións. Escritores mais destacados. Publicacións.

TEMA 13.- Museos e centros de interpretación e da arte na comarca do Barbanza. Outras manifestacións culturais.

TEMA 14.- O Concello de Riveira: historia, patrimonio arqueolóxico, histórico-artístico, etnográfico e natural. A Sala Museo Municipal de Riveira. Historia. Contidos. Publicacións.

TEMA 15.- Influencia da actividade pesqueira e do mar no desenvolvemento económico e social do Concello de Riveira e parroquias. As construcións relacionadas.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 13 de xullo de 2017

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle